



MUTUASPORT



EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com

FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
santiago@federaciongalegadecaza.com

XXIV

Campionato Galego de Caza de Arceas

Xinzo de Limia (Ourense)

14 decembro 2019



Federación Galega de Caza



Colabora

Sociedade de Cazadores
Xinzo de Limia



COMITÉ ORGANIZADOR

DON JAVIER NOGUEIRA DIZ

Presidente da Federación Galega de Caza.

DON ANTONIO GARCÍA REINOSO

Presidente Provincial da Federación Galega de Caza de Ourense

DON DAVID PÉREZ ÁLVAREZ

Presidente da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia

DON JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza

DIRECCIÓN DA PROBA

DON ÓSCAR MEIJIDE VARELA

DON JAIME GONZÁLEZ PENELAS

Delegados de Arceas da Federación Galega de Caza.

XURADO DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes Provinciais da FGC, ou os Representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director da Competición.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Conforme á vixente Normativa da FGC participarán 21 concursantes (6 Coruña, 5 Lugo, 5 Ourense, 5 Pontevedra), previamente clasificados nos respectivos Campionatos Provinciais, mailo Campión da edición anterior.

As inscricións realizaranse na sede da Federación Galega de Caza, mediante as Actas dos correspondentes Campionatos Provinciais. E imprescindible acreditar no momento da inscrición do cazador o número de Microchip do can. Tódolos participantes deberán inscribirse cun Xuíz e presentarse co mesmo xuíz co que se inscriben ó campionato (os xuíces deberán ser cazadores e reuni-las condicións físicas necesarias para acompañalo participante durante a competición). Nas competicións organizadas pola Federación Galega de Caza (Provincial, Autonómico, e Copa Galicia), os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas deberán dispor de un seguro de responsabilidade civil cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

***ADVERTENCIA:** A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introducción e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estén a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.

REGULAMENTO

O Campionato Galego de Caza de Arceas rexeráse polo actual Regulamento autonómico de Caza de Arceas da Federación Galega de Caza e Normas complementarias da Federación Galega de Caza, sendo necesario que tódolos participantes (concursantes e xuíces) estean en posesión da Licenza Federativa emitida pola FGC en vigor, e sendo a única peza a cazar a Arcea.

SORTEO XUICES E DORSAIS

O sorteo de xuíces e dorsais realizarase o día 10 de decembro, na sede da Federación Galega de Caza.

PROGRAMA

DIA 14 DE DECEMBRO DE 2019

LUGAR

A competición desenvolverase dentro do Tecor Xinzo OU- 10082 da Sociedade de Cazadores de Xinzo de Limia

HORARIOS

07:30 horas.- Concentración na Gasolineira Antela saída autovía Xinzo de Limia, Pista de Morgade, 0 S/N, 32630 Xinzo de Limia (coordenadas 42°04'42.7"N 7°42'53.5"W).

08:00 horas.- Reparto de dorsais.

09:00 horas.- Comezo da competición.

15:00 horas.- Clausura da Competición e entrega de Premios no Hotel Restaurante "ORLY" rúa Dous de Maio, 19 Xinzo de Limia tfno.988 460 506, (coordenadas: 42°03'41.0"N 7°43'32.6"W) .

O Comité organizador reservase o dereito a modificar o presente Programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan